

Mos

BOLETÍN INFORMATIVO DO BNG-MOS



O BNG de Mos presenta a súa candidatura para as eleccións municipais



En palabras de Gustavo Barcia, a lista "é un bo reflexo da sociedade mosense", con persoas procedentes de distintos ámbitos sociais e profesionais.

Están presentes un bo número de caras novas xunto a moitas das persoas que xa representaron ao BNG na corporación municipal durante as últimas décadas.

Gustavo Barcia xa completou o seu equipo para o 28-M. 25 candidatos e candidatas conforman unha lista, paritaria e renovada, que aspira a obter o apoio maioritario da veciñanza para formar goberno e darlle unha viraxe ao rumbo do Concello de Mos. O candidato á alcaldía expresou a súa confianza en "conseguir un resultado histórico" e definiu a proposta do BNG como "a alternativa máis ilusionante e mellor preparada".

As persoas que integran a candidatura son, en palabras de Barcia, "un fiel reflexo do que é a sociedade mosense actual". Figuran persoas procedentes de distintos ámbitos profesionais e representantes do tecido asociativo das distintas parroquias de Mos. Xunto a un bo número de caras novas, están presentes, tamén, moitas das persoas que representaron ao BNG na Corporación Municipal durante as últimas catro décadas.

PÁX. 4 FUTURO

Proxecto do BNG para desenvolver o núcleo urbano das Pozas

PÁX. 6 NEPOTISMO

O PP debe explicar os sobresoldos concedidos a militantes e familiares

PÁX. 8 ENTREVISTA

Carlos Villar "Cao": "A programación cultural ten que chegar a todas as parroquias"



A Sala Rebullón consolidouse como un espazo de referencia para a escena cultural galega. Cales son as claves do éxito?

Poucos espazos culturais están tan ben deseñados como A Rebullón. Tomás Ageitos é un dos mellores enxeñeiros de son de Europa e Xabi Carnota, outro referente nos escenarios. Grazas ao seu traballo, podemos gozar da mellor acústica do País e dun dos escenarios máis cómodos para as artistas. Se a isto lle sumas que facemos as cousas con todo o corazón e tratando a público e artistas do mellor xeito posíbel, temos a sala na que todo o mundo quere actuar. Cada día recibo 10 ou 15 emails de bandas e compañías de teatro interesadas.

E todo isto conseguiuase sen o apoio do Concello?

O Concello... pois que queres que che diga. Desde non autorizar un ciclo de concertos financiado polo Xacobeo até tentar convencer a programadoras para que non veñan. Por outra parte, a Xunta de Galiza e o AGADIC consideran que non somos "profesionais" e non podemos optar a entrar na Rede Galega de Música ao vivo, nin na Rede Galega de Teatros e Auditorios. Non lles cabe na cabeza que As Pedriñas sexa o Centro Cultu-

ENTREVISTA

CARLOS VILLAR GUTIÉRREZ "CAO"

Nº 5 da lista do BNG para as eleccións municipais e xerente da Sala Rebullón

"O goberno debe apoiar ao tecido asociativo sen amiguismos nin cacicadas"



ral Veciñal coa maior actividade cultural do País. A nivel institucional, contamos con colaboración da Deputación e non me canso de dicir que este proxecto non sería posíbel sen a confianza da Comunidade de Montes de Tameiga.

Como cres que debería cambiar a política cultural do Concello de Mos?

A concelleira de Cultura é tan inepta que nin as bases do "seu" Plan Cultural municipal é capaz de cumprir... A programación debería chegar a todas as parroquias e non só a dúas. A min, personalmente, pérome gravísimo que existan asociacións boas e asociacións malas para este goberno. Temos un multiúso municipal totalmente infrautilizado e podrecendo cando podería acoller

todo tipo de actividade cultural se investíssemos no equipamento preciso para que o auditorio cumprira cun mínimo de necesidades técnicas. Pero claro, para iso hai que estar pendente de convocatorias públicas, subvencións, etc.

En Mos temos moitísimo potencial, un tecido asociativo que traballa arreo para dinamizar este pobo e ao que o goberno municipal ten que apoiar sen amiguismos nin cacicadas.



Encontro en Pereiras



Encontro en Louredo

ESCOITAR A TODA A VECIÑANZA

Un dos maiores problemas do noso concello é o sectarismo do PP. Fronte a unha alcaldesa que se nega a reunirse con certos colectivos veciñais e considera "persoas non gratas" aos seus representantes, o BNG defende a equidade de trato con todas as asociacións e persoas a título individual. No último mandato, a pesar das restricións sanitarias, redobramos o esforzo para manter un contacto continuo co tecido asociativo. Así, as nosas propostas son produto das reunións celebradas en todas as parroquias e con todo tipo de entidades veciñais, culturais, deportivas e sectoriais.

Contacta co BNG!

☎ 608 08 83 83

✉ mos@bng.gal

📷 @bngdemos

🐦 @bngdemos

🌐 mos.bng.gal

📘 Bng de Mos



A LISTA DO CAMBIO

Coñece a todas as persoas que conforman a candidatura do BNG de Mos para o 28 de maio.



1. Gustavo Barcia Seijo
37 anos

Actual portavoz do BNG no Concello de Mos e candidato á alcaldía. Graduado en Xeografía e Historia, tamén músico con grao profesional na especialidade de tuba, así como cun mestrado de profesorado. É veciño de Torroso e integrante e colaborador de distintas entidades musicais e culturais, entre as que destacan a Banda de Música Xuvenil de Torroso ou a Turre's Band.



2. Sara Samartín Rodríguez
28 anos
Avogada



3. Alberto Barreiro Ricón
48 anos
Enxeñeiro técnico



4. Esther Rúas Miguélez
36 anos
Educadora social



5. Carlos Villar Gutiérrez "Cao"
45 anos
Sector naval



6. Sara Lorenzo Costas
22 anos
Psicóloga



7. Paco García Cobas
38 anos
Xornalista



10. Lía Aldea Moreira
21 anos
Estudiante



11. Oscar Rodríguez Campo
61 anos
Pensionista



12. Isabel Ramilo Rivero
61 anos
Técnica de laboratorio



15. Pablo Novoa Bar
26 anos
Monitor



16. Mari Carme Vila Blanco
46 anos
Comerciante



17. Miguel Anxo Aldea Moscoso
53 anos
Ferroviario



8. Ana María Bar Rodríguez
54 anos
Administrativa



9. David Otero Blanco "Pelú"
43 anos
Xardineiro



13. Diego Lago Alonso
22 anos
Artes gráficas



14. Mirian Cabaleiro Montes
31 anos
Administrativa

SUPLENTES



1. Fernando Adelino Gomes dos Santos
68 anos
Tapiceiro-decorador



2. Tania Jorge Santos
41 anos
Sector téxtil



3. Ramón Barcia Seijo
39 anos
Xerente de empresa



4. Marta Moreira Fontán
54 anos
Mestra



5. Diego López Pazo
51 anos
Empresario



6. Lucía Samartín Rodríguez
23 anos
Técnica Educ. Infantil



7. Cristina Represas Romero
59 anos
Relacións laborais



8. Xosé Carlos Cabaleiro "Pescador"
65 anos
Xubilado do metal

"Mos merece máis"

Benestar social e crecemento sustentábel, grandes prioridades da acción de goberno do BNG.

O BNG preséntase ás eleccións cun equipo preparado para gobernar e cun programa que ofrece respostas ás principais necesidades da xente de Mos. O Consello Local definiu unha serie de liñas de actuación, de cara ao mandato 2023-2027, que teñen o obxectivo de impulsar o benestar e a calidade de vida, promover un crecemento urbanístico ordenado, protexer os valores naturais do territorio e abrir as portas do Concello a toda a veciñanza:

VIVENDA

Apóstase decididamente pola creación de novas promocións de vivenda pública, en réxime de venda e aluguer, para que a mocidade e as familias de Mos non se vexan na obrigar de marchar a outras vilas da contorna. O noso concello ten un enorme potencial, pero a inacción do goberno provocou o estancamento demográfico da última década.

URBANISMO

O BNG outorgará prioridade ao benestar da veciñanza fronte ás ambicións dos especuladores. O crecemento ordenado do noso concello é incompatible co macroproxeito promovido por unha sociedade privada que supón unha ameaza para o monte común de Tameiga e a auga que chega a miles de fogares.

CENTRALIZACIÓN DE SERVIZOS

Mos precisa un segundo Instituto Público con FP, un novo centro de saúde ou unha casa consistorial adaptada ás necesidades actuais da poboación, entre outras actuacións. A centralización de todos estes equipamentos na contorna das Pozas facilitará o acceso da veciñanza aos servizos municipais e permitirá poñer en marcha un sistema de transporte público eficaz que chegue a todas as parroquias (ver páxinas 4-5).

BENESTAR SOCIAL

O Concello debe prestar especial atención ás necesidades dos colectivos máis vulnerábeis. Por este motivo, o BNG defende a necesidade de reforzar o Centro de Información á Muller (CIM) e dotar de maiores recursos, humanos e económicos, aos servizos sociais municipais.

CULTURA

Queremos levar as actividades culturais a todas as parroquias, cunha programación de calidade e adaptada aos equipamentos dispoñíbeis en cada lugar. O Concello debe prestar apoio ao tecido asociativo sen pedir contrapartidas e ofrecer alternativas de lecer atractivas e enriquecedoras para a mocidade.

EQUIDADE DE TRATO

O goberno municipal non pode seguir discriminando entre bos e malos veciños, entre entidades de primeira e de segunda. Queremos desterrar o caciquismo do Concello de Mos, garantindo a igualdade de trato para todas as asociacións veciñais, culturais, sectoriais e deportivas.

NEPOTISMO NO CONCELLO

O BNG pide explicacións polos sobresoldos a familiares e militantes do PP

O irmán dun concelleiro do goberno percibiu en 2022, a través de decretos da Alcaldía, máis de 6.500 euros en concepto de “produtividade”.

Gustavo Barcia considera “sospeitoso” que as retribucións extraordinarias adoiten repartirse entre persoas próximas ao Partido Popular.

As contas do Concello de Mos do ano 2022 recollen unha serie de pagos a empregados e empregadas municipais que o portavoz do BNG, Gustavo Barcia, cualifica como “sospeitosos”. Baixo o epígrafe de “complementos de produtividade”, a Alcaldía pode conceder mensualmente suplementos salariais ás persoas que desenvolveran unha actividade de carácter extraordinario. Este tipo de remuneracións están recollidas na Lei do Emprego Público de Galiza, pero en Mos, tal como denuncia Barcia, “os sobresoldos adoitan repartirse de maneira inxustificada entre membros da executiva local do Partido Popular e familiares directos do equipo de goberno”.

O Concello de Mos conta actualmente con preto de 90 traballadores e traballadoras, pero apenas 17 cobraron algunha produtividade no último exercicio. Só seis destas persoas percibiron máis de 2.000 euros e entre elas, destaca con moita diferenza un funcionario do departamento de Vías e Obras que é, ademais, irmán dun concelleiro do PP. A alcaldesa asignoulle a este traballador, por decreto, importantes sobresoldos nos meses de xaneiro, xullo, agosto e setembro que suman, no seu conxunto, 6.533,85 euros. Esta mesma persoa foi tamén a segunda que máis

produtividades cobrou en 2021, sempre en base a xustificacións xenéricas referidas a que “desempeñou o seu traballo con actividade extraordinaria” ou ao seu “especial interese e rendemento”.

Asumir responsabilidades

Gustavo Barcia advirte de que, “aínda que estas produtividades son formalmente legais, eticamente son máis que cuestionábeis”. Cre, ademais, que “estamos ante un posíbel caso de nepotismo, onde a alcaldía está a favorecer claramente a un familiar directo dun destacado membro do equipo de goberno”. Por este motivo, considera que “tanto Nidia Arévalo como o concelleiro aludido deben ofrecer explicacións sobre este desembolso arbitrario de diñeiro público e, se non son capaces de xustificalo, deberían asumir responsabilidades”. Na súa opinión, “resulta curioso que apenas uns poucos traballadores e traballadoras municipais sexan merecedores destes complementos de produtividade e, máis aínda, que na maior parte dos casos ocupen postos designados a dedo ou estean directamente relacionados coa executiva local do PP”. Denuncia que estamos ante “un novo exemplo do uso das institucións para beneficio propio” por parte do partido no goberno.

Nidia Arévalo, denunciada ante a Valedora do Pobo pola súa actitude antidemocrática

Nos plenos, a alcaldesa adoita incumprir os tempos establecidos e en reiteradas ocasións negouse a concederlle a palabra a membros da oposición.



Gustavo Barcia, retirándose do pleno

No pleno do 30 de xaneiro, o portavoz do BNG, Gustavo Barcia, abandonou a sesión xunto aos membros do Grupo Socialista. A alcaldesa Nidia Arévalo realizou un rogo de 15 minutos para criticar unha pregunta do BNG no Parlamento Galego, negándolle despois o dereito a réplica á oposición. Deste modo, incumpriu varios puntos do Regulamento do Pleno, onde se establece que os rogos van dirixidos exclusivamente ao Goberno

Barcia afirma que este non foi un episodio illado, xa que a alcaldesa “incumpriu de forma reiterada o Regulamento durante todo o mandato”. Arévalo, por exemplo, négase a acatar os tempos marcados, establecendo para as súas propias intervencións unha duración ilimitada. Por este motivo, o BNG remitiu unha solicitude de amparo á Valedora do Pobo ante a “actitude antidemocrática” do PP.



Mobilización nacional do 18 de decembro en Compostela

O BNG, A FORZA NECESARIA PARA FREAR O PELOTAZO

A declaración de interese autonómico para a cidade deportiva do Real Club Celta é a última manobra do PP para tratar de legalizar o pelotazo urbanístico nos montes de Tameiga. O BNG denunciou, no Parlamento Galego, que se trata dun “instrumento para facilitar que as empresas amigas do PP sorteen todo criterio de planificación territorial sustentábel” e alertou de que esta decisión abre as portas á expropiación do monte veciñal.

A estas alturas, só a chegada do BNG ao goberno municipal permitiría poñer freo ás pretensións de Carlos Mourinho e Nidia Arévalo. O PP xa exhibiu a súa disposición a pasar por riba da vontade da veciñanza, dos informes técnicos e da propia lei para favorecer os intereses dos especuladores. As eleccións municipais do 28 de maio preséntanse como unha grande oportunidade para defender, con firmeza, o monte e a auga.

Carril bici Alto de Barreiros-Santiagoño: máis mentiras para xustificar unha nova chapuza do PP

As obras do carril bici entre o Alto de Barreiros e Santiagoño comezaron en xaneiro, pero moitas das persoas propietarias das 93 fincas afectadas non recibiron notificación. O BNG advertiu das irregularidades na tramitación, pero o goberno fixo caso omiso. Gustavo Barcia indica que, en moitos casos, “solicitáronse cesións voluntarias de terreo que non teñen validez legal”. Explica que “non abonda cunha simple manifestación, a título privado, da cesión, xa que estamos ante unha doazón e faise necesaria unha formalización mediante documento público”.

“Dá a impresión de que o PP quere apropiarse dos terreos pola vía dos feitos”, denuncia Barcia, quen lamenta, ademais, a falla de transparencia de todo o procedemento. “A alcaldesa mentiu no pleno cando afirmou que contaba con todos os documentos de cesión asinados, algo que agora sabemos que é rotundamente falso”, indica o concelleiro.



Esther Rúas, Gustavo Barcia e Sara Samartin

O BNG de Mos aposta decididamente por mellorar a calidade de vida da veciñanza. O noso concello está situado ás portas da meirande cidade de Galiza, mais a oferta de servizos é moi limitada en comparación coa doutras vilas de características similares. A solución pasa, en boa medida, pola creación dun núcleo urbano en torno ao que artellar o crecemento demográfico e económico de cara aos próximos anos.

O PXOM establece con claridade o lugar onde debe estar situado o núcleo residencial e de servizos do concello: na contorna das Pozas, onde están xa o CEIP de Petelos, o IES de Mos ou o Multiusos. O BNG tratou de promover, en varias ocasións, a construción neste emprazamento de novos equipamentos, como a casa do Concello ou o novo centro de saúde, pero o PP nunca se atreveu a dar este paso dende o goberno.

O centro urbano non xurdirá da noite para a mañá. O pleno desenvolvemento deste espazo será cousa de décadas, pero a administración municipal debe empezar a tomar, canto antes, as decisións que conduzan á centralización de servizos. Por este motivo, o goberno do BNG executará unha serie de actuacións encamiñadas á consecución deste obxectivo:

NOVO INSTITUTO CON FP

Esta medida xa se trasladou tanto ao pleno do Concello como ao Parlamento Galego, a través das emendas aos orzamentos da Xunta, e en ambos casos contou co voto en contra do Partido Popular. O actual IES de Mos está saturado, e por poboación, xa hai tempo que ao noso concello lle corresponde un segundo centro de educación secundaria. Sería un instituto complementario ao que xa temos, situado nas súas inmediacións para optimizar o servizo de transporte escolar, e que incluíría na súa oferta académica ciclos medios e superiores de formación profesional adaptados á demanda de emprego do tecido empresarial local.

CASA DO CONCELLO

A finais de 2019, o PP anunciou, con moito ruído mediático, o compromiso do presidente da Xunta para construír unha nova casa consistorial, pero nada máis se soubo daquela promesa. Por covardía ou por incompetencia, o goberno municipal negouse a aclarar cal sería o emprazamento do

O FUTURO NÚCLEO URBANO DAS POZAS

A centralización dos servizos públicos, actualmente espallados por distintos puntos do concello, facilitará o acceso aos mesmos e fará posíbel a creación dunha rede de transporte público eficaz.

O desenvolvemento do novo núcleo urbano das Pozas preséntase como unha grande oportunidade que ofrecerá resposta, ademais, á crecente demanda de vivenda da mocidade e as familias de Mos.



novo edificio administrativo. Fronte aos rumores, o BNG defendeu sempre a necesidade de construír a nova sede do Concello nas Pozas e constatou, nas reunións celebradas en todas as parroquias, o apoio maioritario a esta idea por parte do tecido asociativo.

ZONAS VERDES

O novo núcleo das Pozas debe ser unha referencia no eido do urbanismo sustentábel, por este motivo queremos que estea dotado de parques e amplas zonas de espaxamento para a veciñanza con dominio da vexetación autóctona.

CENTRO DE SAÚDE

As actuais instalacións son claramente insuficientes e o goberno xa ten un proxecto entre mans para trasladar a atención primaria ás dependencias do antigo psiquiátrico do Rebullón. O BNG defende a necesidade de darlle un novo uso ao vello complexo sanitario, pero como centro de día e residencia pública de maiores. O lugar acado para a construción dun novo centro de atención primaria é a contorna das Pozas, chamada a converterse nun importante núcleo non só de servizos, senón tamén de poboación.

RECUPERACIÓN E MUSEALIZACIÓN DO CASTRO DE TORROSO DE TORROSO

Contamos cun xacemento clave para comprender a Idade de Ferro en Galiza e permanece, pola desidia do PP, agochado baixo os toxos e os eucaliptos. O goberno do BNG terá entre as súas prioridades a adquisición dos terreos para retomar as escavacións e poñer en valor os restos do poboado. O parque arqueolóxico quedará integrado no conxunto urbano e será un importante reclamo turístico xunto ao futuro museo, tamén integrado no proxecto, que servirá como centro de interpretación e lugar de exposición dos achados máis relevantes.

VIVENDA

Actualmente, a mocidade de Mos vese na obriga de marchar a outros concellos ante a nula oferta de vivenda dispoñíbel. A Xunta ten o compromiso de desenvolver novas promocións de vivenda pública e esta pode ser unha boa oportunidade para empezar a desenvolver o núcleo residencial das Pozas. A construción dos primeiros bloques de edificios, promovidos pola Administración, abriría as portas á iniciativa privada e á progresiva instalación de negocios: comercios, oficinas bancarias, locais de hostalaría, etc.

ACCESOS

Para desenvolver plenamente o novo núcleo urbano das Pozas, será necesario construír tamén as vías de acceso previstas no PXOM de 2017. Nos planos figura un novo enlace coa autovía A-55 cunha bifurcación en dous sentidos: cara a Puxeiros e cara á zona da Rans. Ademais, a proposta do BNG contempla tamén a mellora das conexións co Polígono Industrial da Veigadaña.